



**BORRADOR  
ACTA DA SESIÓN ORDINARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO  
5 DE XULLO DE 2017**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

D<sup>a</sup> María Ramallo Vazquez

**Concelleiros/as presentes:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Cristina Acuña González

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Antonia Sanmartín García

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> José de Pazo Allariz

D. Antonio Traba Miñones

D. Pablo Novas Caballero

D. Manuel Santos Costa

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. Paula Costas Romero.

**Concelleiro ausente:**

D. Francisco J. Estévez Salazar

Na Vila de Marín e na súa Casa Consistorial, sendo as 14:00 horas do día **5 de xullo de 2017**, baixo a presidencia da alcaldesa, dona María Ramallo Vázquez, reúnense os concelleiros/as sinalados/as á marxe, co obxecto de celebrar a **SESIÓN ORDINARIA** da Xunta de Goberno Local, previamente convocada.

**1.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior, celebrada o 28 de xuño de 2017.**

Sometido a votación o borrador da acta da sesión ordinaria celebrada o día 28 de xuño de 2017 e, ao non formularse observacións á mesma, resulta aprobada por unanimidade e sen rectificación algunha.

**2.-Urbanismo.**

**Expte.: 86/08 L.U.- D<sup>a</sup>. MARÍA ANTONIA ROSALES SOTO– Licenza de primeira ocupación do edificio de planta baixa, planta piso e baixo cuberta, para garaxe, unha vivenda e trasteiro, sito na rúa Banda do Río, 2, Marín.** Examinado o expediente de referencia, e de conformidade cos informes, técnico e xurídico, favorables ao outorgamento de licenza, emitidos polo servizo municipal de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das atribucións delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015) por unanimidade, **ACORDA:**

**CONCEDER a D<sup>a</sup>. MARÍA ANTONIA ROSALES SOTO** licenza de primeira ocupación do edificio de planta baixa, planta piso e baixo cuberta, para garaxe, unha vivenda e trasteiro, na rúa Banda do Río, 2, Marín, todo á vista da constancia no expediente de referencia de:

- Certificado final de obra asinado polo arquitecto técnico D. Senén Fernández de la Calle e polo arquitecto D. Antonio Labrador Toquero visado polo Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de Pontevedra en data de 11/01/2017, segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve.
- Visita de comprobación xirada en data de 26/06/2017 pola técnico municipal competente, logo da que é emitido informe na mesma data, en senso favorable á concesión da licenza de primeira ocupación da vivenda sita na rúa Banda do Río nº2, Marín, unha vez revisada a documentación achegada.

A presente licenza de primeira ocupación concédese, segundo o tenor literal e descripción do informe técnico antedito de 26/06/2017, da vivenda sita na rúa Banda do Río nº2, Marín.

En todo caso a concesión da licenza de primeira ocupación ampara aqueles usos que sexan acordos co planeamento urbanístico.



### 3.- Contratación.

#### **Expte.: 671/16 (G).- PLAN CONCELLOS 2017- Aprobación do proxecto de “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO Á IGREXA DE SANTA MARÍA DO CAMPO”.**

Este Concello pretende levar a cabo, con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan dos Concellos) 2017 da Deputación de Pontevedra, o investimento denominado “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO Á IGREXA DE SANTA MARÍA DO CAMPO”, segundo o proxecto básico e de execución (modificado 2), redactado polo arquitecto técnico Marcos Nistal Pérez, con data abril 2017, que define e valora as obras a executar.

As obras consisten na mellora da pavimentación do camiño de acceso á igrexa de Santa María do Campo, coa execución dun redutor de velocidade sobre a estrada da Deputación de Pontevedra EP-1202.

No expediente constan os pertinentes informes de viabilidade urbanística, emitidos pola arquitecta municipal, en datas 26/02/2016, 15/02/2017 e 04/07/2017, no último dos cales manifesta: “(...) *Por parte deste departamento pode aprobarse o proxecto...*”, xa que, “(...) *As actuacións proxectadas son compatibles co planeamento urbanístico vixente (...) estaríamos ante un proxecto de obras municipais e non ante un proxecto de urbanización, polo que non é necesario expoñer o proxecto ao público. (...) Respecto a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, consultado o inventario municipal, figuran no mesmo (...)*”.

Dado que se trata dunha actuación na contorna de protección de varios bens catalogados: “*Igrexa parroquial de Santa María*” (E29), *Cruceiro* (E37), ambas con grao de protección integral e “*Edificación en Sobreiras-A Rúa Nova*” (E28), con grao de protección singular, o proxecto conta coa preceptiva autorización previa da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, outorgada mediante resolución de data 15/06/2017, na que se acorda: “(...) **Autorizar** a actuación proposta, xa que coa documentación do proxecto básico e de execución, modificado 2, dáse resposta ao requirido no acordo da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de data 14 de marzo de 2017. Non obstante, cómpre realizar un control arqueolóxico dos traballos de movementos de terras polo que antes do comezo das obras se presentará (por duplicado) o correspondente proxecto arqueolóxico para a súa autorización pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (...)”

As obras contan tamén coa preceptiva autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, no que incumbe á estrada provincial EP-1202, concedida o 14/10/2016 e prorrogada o 20/02/2017. Finalmente, con data 10/03/2017, autorizouse o proxecto modificado.

O proxecto modificado das obras, asinado en abril 2017, foi tamén supervisado e informado favorablemente polo enxeñeiro técnico municipal que, con data 04/07/2017, fai constar: “(...) *o contido formal e documental do proxecto axustase ó establecido para o caso no art. 123 da Lei 3/2011, de contratos do sector público, sendo, a xuízo do técnico que subscribe, suficiencia para a definición, valoración e execución das obras proxectadas.*(...)”

Segundo o artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia: «*As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do plan en vigor*».

Atendendo ao informado polos técnicos municipais, está acreditado o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial aplicable, así como do planeamento en vigor, nos termos esixidos no 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación conferida por resolución da alcaldía de 16/06/2015, (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade, **ACORDA**:

**Primeiro.** Aprobar o proxecto básico e de execución (modificado 2) “MELLORA E PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO Á IGREXA DE SANTA MARÍA DO CAMPO”, redactado polo arquitecto técnico Marcos Nistal Pérez, con data abril de 2017 e presentado no Concello o 27/04/2017 (rexistrado co nº 4862), cun presuposto base de licitación, sen IVE, de



55.696,22 euros, para a súa realización con cargo ao Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra .

**Segundo.** Que o referido documento técnico se incorpore ao expediente de contratación das obras descritas.

**Terceiro.** Declarar que, de conformidade coa documentación e informes técnicos obrantes no expediente, quedou acreditado o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial aplicable así como do plan en vigor, nos termos esixidos no 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

**Cuarto.** Existe dispoñibilidade dos terreos e as autorizacións administrativas necesarias para a execución das obras.

**Quinto.** Convocar ao redactor do proxecto para que, en cumprimento do disposto no artigo 126 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, proceda ao levantamento da preceptiva acta de trazado previo do proxecto, no modelo do Anexo III da convocatoria do Plan dos Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra.

#### **4.- Subvencións.**

**Expte.: 135/15 – (2ª).- CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA. Dación de contas da Orde do 23 de xuño de 2017 pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para esta programa.**

Dáse conta da Orde da Consellería de Infraestrutura e Vivenda, do 23 de xuño de 2017, publicada no DOG Núm. 124, do 30 de xuño, mediante a cal, ábrese o prazo para solicitar a participación na prórroga do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 e establécense as súas bases reguladoras que, ao mesmo tempo, serán de aplicación ás novas axudas autonómicas previstas para as actuacións que se realicen nas áreas de rehabilitación integral declaradas pola Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**Expte.: 295/17.- VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA. Solicitud de subvención ao abeiro da resolución do 16 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral de Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020.**

Informada da Resolución do 16 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual o mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2017, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das atribucións delegadas por resolución da Alcaldía de 16/06/2015 (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade, **ACORDA:**

**PRIMEIRO:** Solicitar axudas do **Programa de apoio aos CIM** e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

**GASTOS DE PERSOAL SEGUNDO O CUSTO UNITARIO POR HORA TRABALLADA (art. 8) - SUBVENCIÓN SOLICITADA PERÍODO 01/04/2017 A 31/03/2018.**

Postos para os que solicita a axuda: **Postos de dirección, asesoramento xurídico, atención psicolóxica (art. 8.5.1).**



- Gastos de persoal segundo custo unitario/horas traballadas dedicadas ao CIM en tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, polo custo unitario (19,59 €/hora):

Período 01/04/2017 a 30/11/2017: 29.473,155 €

Período 1/12/2017 a 31/03/2018: 14.516,19 €

**TOTAL: 43.989,35 €**

- Contía solicitada:

Período 01/04/2017 a 30/11/2017: 29.473,155 €

Período 01/12/2017 a 31/03/2018: 14.516,19 €

**TOTAL: 43.989,35 €**

**SEGUNDO:** Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente a M<sup>a</sup> de los Ángeles Sánchez Sanjorge, con NIF.: 52.496.013-P, que ocupa o cargo de directora do CIM.

**TERCEIRO** Financiar o custo das accións obxecto da axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral da Igualdade para a súa completa realización.

**URXENCIA:** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

**Expte.: 412/16 – Aprobación do proxecto técnico denominado “Instalación para actividades recreativas-barbacoa” na lagoa de Castiñeiras.**

Este concello quere acadar a colaboración da Administración Autonómica para levar a cabo a actuación consistente na instalación de barbacoas na lagoa de Castiñeiras, segundo o proxecto técnico denominado “Instalación para actividades recreativas-barbacoa”, redactado polo arquitecto Francisco Márquez Taín, en agosto de 2016, e completado coa documentación achegada o 2 de setembro de 2016, que comprende a definición e valoración das obras a executar.

O citado proxecto, cuxo orzamento total ascende á cantidade de 48.380,64 euros, IVE incluído, foi supervisado e informado favorablemente polos técnicos municipais, que constataron a súa viabilidade urbanística e o cumprimento da normativa aplicable.

As obras contan coas autorizacións administrativas necesarias para a súa execución. Consta no expediente o informe preceptivo do Servizo de Conservación da Natureza da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de data 06/10/2016, así como a autorización da Dirección Xeral de Ordenación Forestal da Consellería de Medio Ambiente para o uso de lume en áreas recreativas na época estival, do 23/06/2017 e a autorización de Augas de Galicia para instalación de grella en zona de policía da lagoa de Castiñeiras, outorgada por resolución do 09/03/2017, baixo unha serie de condicións que se dan aquí por reproducidas.

De conformidade coa documentación e informes técnicos obrantes no expediente, está acreditado o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial aplicable, así como do planeamento en vigor, nos termos esixidos no 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En canto á contratación das obras, unha vez aprobado o proxecto técnico, será a Axencia Turismo de Galicia a encargada de licitar as obras de referencia.

Examinado o documento que arriba se describe e conforme ao procedemento establecido, a Xunta de Goberno Local, en virtude da delegación conferida por resolución da alcaldía de 16/06/2015, (BOP nº 127 de 06/07/2015), por unanimidade, **acorda:**

**Primeiro:** Aprobar o proxecto técnico denominado “Instalación para actividades recreativas-barbacoa”, na lagoa de Castiñeiras, redactado polo arquitecto Francisco Márquez Taín, en agosto de 2016, xunto coa documentación complementaria achegada o 02/09/2016, cun orzamento por importe de 48.380,64 euros, IVE incluído.

**Segundo:** Declarar que, de conformidade coa documentación e informes técnicos obrantes no expediente, quedou acreditado o cumprimento da lexislación urbanística e sectorial aplicable así como do plan en vigor, nos termos esixidos no 147.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.



**Terceiro:** Remitir certificado do presente acordo á Axencia Turismo de Galicia, acompañado de copia das autorizacións sectorias preceptivas para a execución da obra, xestionadas polo concello.

**5.- Rogos e preguntas.** Non se formularon.

Sendo as 14:15 horas, e sen máis asuntos que tratar, a sra. Alcaldesa procede a levantar a sesión, do que como Secretaria dou fe.

A ALCALDESA

A SECRETARIA

María Ramallo Vázquez

Paula Costas Romero.